

A tradición romancística galega: a figura de Aníbal Otero

Armando Requeixo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

REQUEIXO, ARMANDO (2011 [1996]). “A tradición romancística galega: a figura de Aníbal Otero”. *Boletín Galego de Literatura*: 15/16, 47-76. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/378>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

REQUEIXO, ARMANDO (1996). “A tradición romancística galega: a figura de Aníbal Otero”. *Boletín Galego de Literatura*: 15/16, 47-76

* Edición dispoñíbel desde o 14 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A tradición romancística galega: a figura de Aníbal Otero*

Armando Requeixo

O obxecto do presente artigo non é outro que o de dar a coñecer unha escolma do labor recompilador romancístico levado a cabo polo escritor e lingüista Aníbal Otero entre fins dos anos 20 e principios dos 30 deste século. Para mellor comprender a importancia da súa obra dentro do contexto dos estudos que sobre o Romanceiro se teñen realizado en Galicia, tracexaremos unha breve panorámica de conxunto dos mesmos desde os seus inicios no século XIX ata a actualidade.

Orabén, interésanos subliñar que o percorrido histórico polo devir destes estudos e colleitas en Galicia constitúe para nós soamente un preámbulo introductorio para aquilo que vai centrar a nosa atención: o romanceiro galego compilado por Aníbal Otero, do que aquí, por razóns de espacio, ofreceremos só unha pequena escolma de vintecinco composicións.

Non debe estrañar, pois, que a seguir se sobrevoen moitos autores e obras que, só como contorno no que ubicar o labor de Aníbal Otero, nos poden interesar, posto que un tratamento máis polo miúdo de todos eles sairíase dos límites precisos que nos impuxemos neste traballo.

Estudiosos e compiladores da tradición romancística galega. O século XIX: o alborexar romántico do espírito creador do pobo

As primeiras contribucións no eido do estudio do Romanceiro en Galicia non terían lugar ata a segunda metade do século XIX. Namentres, en Portugal, un autor como

* Este traballo quere ser unha pequena homenaxe á memoria de Aníbal Otero e, tamén si, da que foi a súa muller, Asunción Álvarez, tristemente desaparecida neste ano, así como tamén unha mostra de fidelidade á persoa do seu fillo, Horocel Otero, incansable divulgador da obra de seu pai, quen tan amablemente cedeu os inéditos empregados neste estudio. Tamén quero dar aquí as gracias pola axuda que prestaron para a realización deste traballo ó Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro de Santiago de Compostela –principalmente a través da persoa do seu Director Técnico de Literatura, o profesor Anxo Tarrío Varela–, e ó Seminario Interfacultativo Ramón Menéndez Pidal de Madrid, quen –tanto nas persoas do seu director, o profesor Diego Catalán, e da súa bibliotecaria, Carmen Alvarado, coma na dos seus bolsellos de investigación, Inés de la Cruz, Belinda García Barba, Javier Gómez Gómez, María González Piñeiro e Joaquín López Martínez–, facilitou grandemente o meu labor poñendo á miña disposición o seu magnífico arquivo romancístico.

Almeida Garret¹ recollíaa contra o 1824 os primeiros romances da tradición lusa. En Cataluña, o historiador M. Milà i Fontanals incluía dentro das súas *Observaciones sobre la poesía popular* de 1853 un «Romancerillo catalán» como apéndice². Nese mesmo ano, o mallorquino M. Aguiló Fuster reúne unha notable colección de romances que, sen embargo, non se publicará ata corenta anos despois³. Por conseguinte, portugueses e cataláns serían os primeiros en iniciar os estudos sobre o Romanceiro hispano na Península, pois tanto os galegos coma os casteláns non comezarían as súas recolleitas ata anos máis tarde (habería que esperar ós traballos de Juan Ménendez Pidal⁴, en 1885, e de Ramón Menéndez Pidal e María Goyri⁵, no 1900). Para o caso galego, o primeiro en facelo sería Manuel Murguía na súa *Historia de Galicia*⁶, do ano 1885, á que incorporou tres versións de romances da tradición galaica⁷.

Cabe preguntarse, daquela, por qué precisamente agora comezan a xurdir por toda a Península estudiosos que nas súas obras recollen este xénero de composicións. A resposta debe darse na comprensión do marco ideolóxico que impulsa o movemento literario Romántico. A exaltación do pobo creador, do espírito demiúrxico da tradición máis esencial das nacións éralle moi querido ó alento romántico. As sociedades entón denominadas do *folk-lore* empezan a agromar por toda Europa –tamén en Galicia, como veremos–, e isto vai crear un caldo de cultivo propicio no que as creacións populares, a literatura popular de tradición principalmente oral, se valore en extremo como o verdadeiro cerne cultural e idiosincrasicamente identificador das nacións. Atendendo a estas coordenadas, desenvolve o seu labor Manuel Murguía, quen, en sucesivos traballos, vai ir presentando distintas mostras de romances galegos. A parte do tratamento dado a estes na devandita *Historia de Galicia*, os seus artigos na década dos 80 do século pasado –primeiro en *La Ilustración gallega y asturiana* e despois en *El Eco de Galicia, Galicia* e no *Boletín de la Real Academia Gallega*–, van dando a coñecer a punta do iceberg da tradición romancística galega⁸.

Mais, se ben hai que recoñecerlle a Murguía o seu labor de pioneiro no estudio do Romanceiro e a literatura popular galega en xeral, as súas falsificacións de

1. Por esta época Almeida Garret conseguíu que unha «menina» lle cantase en Lisboa algúns romances que aprendera dunha vella criada miñota. Dous deles –«Bernal Francés» e «Silvana»– incluíunos despois en *Adozinha*, Londres, 1928, pp. XXVI-XXXII e 107-113.

2. M. Milà i Fontanals, *Observaciones sobre la poesía popular*, Barcelona, 1853. Este «Romancerillo catalán», logo de ampliado, pasou a editarse como libro en Barcelona en 1882.

3. Este material sería o empregado para a confección do seu *Romancer popular de la terra catalana*, Barcelona, 1893.

4. Juan Menéndez Pidal, *Poesía popular*, Madrid, 1885.

5. Neste ano María Goyri, como é ben sabido, recolle dunha lavandeira de Burgo de Osma (Soria) o romance «La muerte del Príncipe Don Juan» que a levará, a ela e sobre todo ó seu marido, a iniciar os traballos de anos posteriores sobre o Romanceiro hispánico.

6. Manuel Murguía, *Historia de Galicia*, Lugo, 1885. A segunda edición publicouse na Coruña, na librería de Uxío Carré Alvarellos, en 1901.

7. Para os inicios do estudio do Romanceiro na Península véxase o traballo de Diego Catalán, «El Archivo Menéndez Pidal y la exploración del Romancero castellano, catalán y gallego», en *El Romancero en la tradición oral moderna*, Diego Catalán (ed.), Madrid: Cátedra-Seminario Menéndez Pidal/ Universidad de Madrid, 1989, pp. 85-94.

8. Trátase dos titulados «Poesía popular gallega», «El Folk-lore español», e «El Folk-lore gallego», publicados en *La Ilustración Gallega y Asturiana*; o dedicado ó romance «Silvaniña» publicado no ano 1884 en *El Eco de Galicia*; os romances inseridos no volume *Galicia* (Barcelona, 1888); e o traballo de 1910 sobre «Dama Xelda», aparecido no *BRAG (Boletín da Real Academia Galega)*, e antes publicado en *La Temporada* (7-8-1907), de Mondariz.

pseudorromances tradicionais teñen, hoxe por hoxe, un valor arqueolóxico e anecdótico no que non pode asentarse ningún traballo rigoroso sobre a materia ás portas do segundo milenio. Composicións da musa murguiana como «Dama Xelda» ou «Gaíferos de Mormaltán» foron sobradamente criticadas no seu día de xeito irrefutable por persoas de indubidable saber romancístico⁹, por máis que ata hoxe mesmo aínda sigan tendo creto entre algúns dos nosos estudiosos.

Así e todo, os traballos de Murguía tiveron na súa época unha excelente acollida e pronto outros estudiosos, tanto de fóra coma de dentro de Galicia, emprenderon labores de investigación e recompilación desta literatura. Entre os non galegos, Adolfo Coelho (1873), desde Portugal, e M. Milà i Fontanals (1877), desde Cataluña, publicarían na prestixiosa revista *Romania* senllos artigos¹⁰ que foron moi ben recibidos polos investigadores galegos, que, de seguida, comezaron a reunir diverso material romancístico. Así ocorreu, por exemplo, con Juan Antonio Saco y Arce¹¹, Marcial Valladares¹² e Lois Tobío¹³, que recolleron un bo número de versións de romances naqueles anos, pero que non serían publicadas ata moito tempo despois.

Precisamente por aquelas datas, en 1883 exactamente, nace en Galicia unha institución de grande importancia para o Romancero galego. Trátase da «Sociedad El Folk-Lore Gallego» que, presidida por Emilia Pardo Bazán, vai promover toda unha serie de iniciativas a prol da recuperación da cultura popular galega. O froito destas mobilizacións sería o *Cuestionario del Folk-Lore Gallego*¹⁴, onde, entre outros índices para traballos etnográficos de campo, propúñase un interesante listado de romances –supostamente tradicionais galegos– a recompilar por toda Galicia. A nómina incluía máis de 70 títulos, entre os que se contaban os xa publicados en Galicia ata daquela e moitos outros tomados do romancero de Teófilo Braga¹⁵. Tamén debido en boa parte ó labor levado a cabo por esta sociedade, aparecería nese mesmo ano, e firmado por un dos membros da sociedade, o *Cancionero popular gallego*, de José Pérez Ballesteros¹⁶, que contiña unha pequena mostra romancística composta por cinco textos (catro que xa dera a coñecer Milà i Fontanals

9. V. *ad hoc* Diego Catalán (dir.), *Catálogo General del Romancero. Teoría (I)*. Madrid: Seminario Menéndez Pidal/Gredos, 1984, pp. 29-31.

10. Estes eran Francisco Adolfo Coelho, «Romances galiciennes», *Romania*, 2, 1873, pp. 259-260; e M. Milà i Fontanals, «De la poesía popular gallega», *Romania*, 6, 1877, pp. 47-75.

11. A colección reunida por Antonio Saco y Arce, da que mínimas mostrase foron xa publicadas por entregas entre 1910 e 1925 no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, editouse, finalmente, máis de cen anos despois baixo o título de *Literatura popular de Galicia*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1987; esta edición posúe, ademais, un interesante estudo introductorio, escrito por Juan Luis Saco Cid, no que se dá cumprida noticia da peripecia editorial do volume.

12. A súa colección compilouna contra o 1887 e, fóra de algún romance puntual recollido nas súas publicacións, a maioría da mesma fornecería de material ós libros dos seus colegas Murguía, Saco y Arce e Antonio Machado y Álvarez. A este último envioulle varios romances que o pai do famoso poeta publicou despois no tomo IV da *Biblioteca de las tradiciones populares españolas* que el mesmo dirixía.

13. A colección de Lois Tobío, aínda que compilada en 1880, permaneceu inédita ata que Xaquín Lorenzo a editou baixo o título de *Cantigas da Mahía*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1985.

14. Da autoría de Cándido Salinas e Antonio e Francisco de la Iglesia; o seu título completo era *Cuestionario del Folk-Lore Gallego establecido en La Coruña el 29 de Diciembre de 1883*, Madrid: Est. Tip. de Ricardo Fé, 1885. Existe, máis recentemente (1994), unha nova edición dentro da revista *Alicerces* do Museo do Pobo Galego que fai o número 7 destes cadernos.

15. Teófilo Braga, *Romancero Geral Português*, 3 vols., Lisboa, 1906-1909.

16. José Pérez Ballesteros, *Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de La Coruña*, 3 vols., Madrid: Est. Tip. de Ricardo Fé, 1886.

en 1877 e o romance engadido de «La mala suegra», que no libro de Pérez Balles-teros aparecería baixo o título de «Doña Arbola»).

No século pasado, quizabes a última referencia de interese nos estudos romancísticos foi a da inclusión na obra de Antonio de la Iglesia *El idioma gallego* (1886)¹⁷ dunha nova nómima de romances —ó estilo da mencionada para o *Cuestionario...* da sociedade «El Folk-Lore Gallego»—, que incluía sesenta romances, a metade dos cales aparecían só mentados polo título e a outra metade só cos seus *incipit*. Figuraba aquí tamén, dato curioso, o arquifamoso romance «No Figueiral Figueiredo», que xa incluía na súa colección Saco y Arce, pero que acabou publicándose moito máis tarde, como se dixo. Deste romance xa tratara algunha vez Murguía e foi tido erroneamente por tradicional durante moito tempo.

Nos comezos do novo século e ata a década dos anos vinte, os traballos no eido da romancística galega seguiron a dinámica iniciada no derradeiro cuarto do século XIX: recolección esporádica de temas e versións por parte dalgúns etnógrafos locais e eruditos estranxeiros e ausencia total de traballos críticos ou estudos propiamente ditos. Dentro desta liña habería que citar as aportacións de Leite de Vasconcelos quen, no ano 1910, dá a coñecer unha versión galega do «Isabel de Liar»¹⁸, así como tamén as achegas de Ramón de Arana¹⁹, de Angel del Castillo²⁰, os traballos iniciais de Uxío Carré Aldao, e o labor de Alfonso Hervella Courel²¹. Este último é o compilador dunha das coleccións de romances máis importantes da preguerra, colección que, como a de Aníbal Otero, coa que comparte lugar destacado entre as do seu tempo, permanece, aínda hoxe, sen publicar²². A colección de Hervella Courel, que fora recollida a primeiros de século na bisbarra de Viana do Bolo, é unha compilación rica, tanto pola cantidade de versións que inclúe —cento corenta e catro— coma pola diversidade de temas representados nela, e demostra, sen lugar a dúbidas, a indiscutible vitalidade da que aínda gozaba este xénero literario popular galego nos primeiros anos do noso século.

O século XX. A Xeración Nós, o Seminario de Estudos Galegos e a Escola Pidaliana

Nos anos 20, a eclosión cultural do que logo se daría en chamar «Época Nós» e a creación do Seminario de Estudos Galegos produciu un avance máis cualitativo ca cuantitativo no estudio e recolla do romanceiro galego. Os etnógrafos vencellados a estes dous grupos preocuparíanse polo romanceiro imbuídos no ronsel ideolóxico herdado dos seus mestres. O «murguianismo» romancístico seguía vivo nas teses

17. Antonio de la Iglesia, *El idioma gallego*, vol. III, A Coruña: Latorre y Martínez, 1886.

18. J. Leite de Vasconcelos, «Miullhaças gallegas». en AA. VV., *Melanges de Philologie Romance e d'Histoire Littéraire, offerts a M. Maurice Wilmotte*, París, 1910.

19. Ramón de Arana, «De folk-lore: Romances de Navidad», *BRAG*, 70, 1913, pp. 252-254.

20. Ángel del Castillo, «Gandoliños», *BRAG*, 42, 1911, pp. 143-146.

21. Incluíu romances en *El libro de los portentos*. Ourense, 1911, e nalgún outro artigo posterior.

22. Desta colección consérvanse tres copias: unha no Instituto Padre Sarmiento de Santiago de Compostela, outra no Arquivo do Seminario Menéndez Pidal de Madrid, e unha terceira no Museo Provincial de Pontevedra. A colección fora presentada na Exposición Regional Gallega celebrada en Santiago en 1909 e, en 1927, constituíu o corpo central do seu discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos.

de estudiosos como Uxío Carré Aldao²³, e foi asumido plenamente polos homes de Nós e do Seminario. Por conseguinte, continuaron á procura desa creatividade popular que confirmara a radical distinción cultural do pobo galego; claro está, este «pobo», o ideal de «pobo» que manexaban aqueles homes, era un ideal abstracto, que pouco ou nada tiña que ver coa realidade, o que tampouco importaba, pois o verdadeiramente decisivo para eles era erguer un edificio cultural diferenciado que singularizara ó noso país fronte ó resto da Península.

Así, apareceron entón mostras romancísticas nalgunhas monografías sobre bisbaras galegas que realizaron os homes do Seminario. Aí están, por exemplo, os dous romances («Xan Quintán» e «A pulga e a palla») pertencentes ó romanceiro (vulgar) inserido en *Vila de Calvos de Randín* (1932), de Xaquín Lorenzo e Florentino López Cuevillas; os catorce recollidos na obra de Vicente Risco e Amador Rodríguez Martínez, *Terra de Melide* (1933); os integrados na obra colectiva de Cuevillas, Vicente Fernández Hermida e Xaquín Lorenzo, *Parroquia de Velle* (1936), etc. Igualmente, merece destacarse a sección «Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza», que entre 1920-1935 publicou a revista *Nós*, onde apareceron tamén varias entregas de romances.

No seu conxunto, polo tanto, o labor desenvolvido polos homes de Nós e do Seminario foi importante, non tanto pola cantidade de textos recollidos (uns 50, segundo Domingo Blanco²⁴), senón pola postura favorable amosada cara a este tipo de composicións propias da literatura popular, por máis que a súa atención a este xénero non derivara tanto dunha apreciación intrinsecamente literaria coma do interese que para eles tiña o publicitar este suposto reducto cultural-literario que aparecía ós seus ollos como inmaculadamente galego²⁵.

Sen embargo, en Galicia e neses mesmos anos, algúns outros estudiosos non vencellados ós grupos galeguistas recolleron tamén importantes mostras do Romanceiro galego. As coleccións logradas polos seus traballos de campo gárdanse hoxe no Arquivo do Seminario Menéndez Pidal e constitúen, tanto en calidade coma en cantidade, a mellor e máis completa compilación de textos da preguerra. Estamos a falar de coleccións como as do Padre Oviedo –recollida en Noia en 1913–, a de Alejo Fernández –obtida no norte de Lugo e A Coruña, principalmente, entre 1924 e 1925–, a fabulosa colección de Víctor Said Armesto –da que só se publicaron algúns textos²⁶ e que posúe un romance único en toda a tradición panromancística mundial–, a colección de Aníbal Otero –da que despois nos ocuparemos–, ou a de Eduardo Martínez Torner e Xesús Bal y Gay –reunida entre 1931 e 1934 e non publicada ata a posguerra²⁷–. Todas elas son coleccións xa clásicas na nosa tradición galega do romanceiro hispánico, que teñen o dobre valor

23. Un claro exemplo das teses impresionistas e indemostrables sobre a nosa tradición romancística constitúe o seu libro *Geografía del Reino de Galicia*, Barcelona: Alberto Martín, 1926.

24. Domingo Blanco. *Historia da literatura popular galega*, Vigo: Xerais, 1994. p. 159.

25. Un bo resumo do labor desenvolvido polos homes de Nós e do Seminario e dos preconceptos que estes axudarian a establecer pode lerse no traballo dun contemporáneo seu, Antonio Couceiro Freijomil. *El idioma gallego: Historia, Gramática, Literatura*, Barcelona: Alberto Martín, 1935. pp. 273-275.

26. Algún romance foi incluído por Juan Menéndez Pidal no seu libro *Levendas del último rey goda*, e tamén polo propio Said Armesto en *La leyenda de don Juan*, Madrid. 1908, onde poden verse reproducidos tres romances.

27. Eduardo Martínez Torner e Xesús Bal y Gay. *Cancionero gallego*, A Coruña: Barrié de la Maza, 1973. As versións aquí reproducidas son menos extensas cás gardadas no Arquivo do Seminario Menéndez Pidal, se cadra debido ó feito de que a Martínez Torner e Bal y Gay lles interesaba máis a notación musical cás letras -tal como di Forneiro, «A recolla...», p. 387.

de teren sido compiladas lonxe de calquera interese chauvinista –e polo tanto elaboradas conforme a criterios estrictamente filolóxicos–, e de constituíren desde o punto de vista cuantitativo unha achega decisiva (de varios centos de versións) no acervo total romancístico galego.

Da Posguerra ós anos setenta: a crecente dedicación á tradición galega do Romanceiro Hispánico

Coa chegada da contenda bélica, a atención que calquera manifestación cultural galega puidera suscitar viuse, indefectiblemente, minguada; o caso do romanceiro non foi diferente e, tanto no trienio fatal coma na inmediata posguerra, os traballos realizados no eido da romancística galaica diminuíron notablemente con respecto ós que se levaran a cabo entre 1900 e o estourido da Guerra Civil. Sen embargo, houbo algúns fitos importantes nesta época que convén lembrar. Entre eles atópase a publicación en 1938 de «Gerineldo en Galicia»²⁸, o primeiro traballo crítico sobre o romanceiro en Galicia, debido á pluma dun dos nosos mellores etnógrafos, Fermín Bouza-Brey, quen cos seus artigos durante estes difíciles anos será un dos poucos que manterá viva a nosa tradición de estudos romancísticos²⁹.

No que a coleccións de romances se refire, hai que salientar o feito de que en 1942 vira a luz un valioso mostrario que o erudito pontevedrés Casto Sampedro y Folgar reunira xa en 1909, e que fora premiado pola Real Academia de Bellas Artes de San Fernando un ano despois. Tratábase dunha colección de oitenta e oito romances de grande interese, moitos dos cales lle facilitara a Casto Sampedro o seu colaborador Víctor Said Armesto. A pesar de todo, permaneceu inédita ata que Xosé Filgueira Valverde³⁰ preparou a súa edición para a publicación na devandita data.

Importante, tamén, foi o labor que o Instituto Español de Musicoloxía de Barcelona veu desempeñando no decenio 1943-1953, froito do cal chegaron a reunirse uns corenta romances máis que sumar á nosa tradición compilatoria. Nestes e en sucesivos anos, outros estudiosos galegos e foráneos, como Antón Fraguas Fraguas (1946-1947)³¹ e Pilar García de Diego (1947-1955)³², primeiro, e Xosé María

28. Fermín Bouza-Brey, «Gerineldo en Galicia», *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, 241, 1938; despois integrado en *Etnografía y folklore de Galicia* (2), Vigo: Xerais, 1982, pp. 135-153.

29. Entre todos eles merece especial mención o titulado «Un conto oriental na Galiza. As versións galegas das palabras retorneadas», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, vol. VIII, Porto, 1936; logo recollido en *Etnografía y folklore de Galicia* (1), Vigo: Xerais, 1982, pp. 139-162.

30. A este débémolle outros interesantes traballos sobre o romanceiro galego como, por exemplo, o titulado «As lavandeiras dos romances», *Adral*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, pp. 347-350.

31. O director do Museo do Pobo Galego publicou, ó longo de moitos anos, distintos traballos sobre o tema. Entre eles os artigos xa clásicos «Dous romances de Galicia», *Revista de Guimarães*, LXI, 1-2, xaneiro-xullo, 1946; «Contribución al estudio de la Navidad en Galicia. Nadales. aninovos, Xaueiras y Reyes», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, III, 3-4, Madrid, 1947; os romances reproducidos no seu libro *Aportacións ó cancionero de Cotobade*, Trasalba-Ourense: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 1985; e, entre os últimos traballos, a inclusión dalgúns textos romancísticos na súa conferencia «Literatura oral en Galicia» (Vigo, 1980), logo recollida no volume *Galicia máxica*, Santiago: El Correo Gallego, 1991, pp. 7-29.

32. Esta estudiosa publicou unha serie de cinco artigos na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*: «El testamento en la tradición popular», III, 1947, pp. 551-557; «El testamento del gato», IV, 1948, pp. 306-307; «Siete canciones infantiles», VI, 1950, pp. 104-132; «El testamento en la tradición», IX, 1953, pp. 601-606 e X, 1954, pp. 400-471; e «Romance. El piojo y la pulga», XI, 1955, pp. 537-541.

Álvarez Blázquez (1968)³³ e Luís Moure-Mariño (1971)³⁴, despois, tamén continuaron ofrecendo pequenas mostras de recollidas locais. Neste sentido, cabe destacar as monografías sobre bisbaras galegas que a fins dos 60 e durante tódolos 70 e 80 se publicaron en Galicia por parte de Ben-Cho-Shey (Xosé Ramón e Fernández-Oxea), Nicanor Rielo Carballo, Carlos Sixirei Paredes ou Manuel Rico Vereá, entre outros, monografías que, dun modo máis ou menos testemuñal e/ou anecdótico, tamén acolleron nas súas páxinas algún que outro romance³⁵.

Nembargantes, o volume máis importante da posguerra no terreo da romancística galega –e tamén o de máis repercusión entre os estudiosos– foi o *Romanceiro Popular Galego de Tradizón Oral* (1959), de Lois Carré Alvarellos³⁶. O libro estaba formado na súa maior parte por versións xa antes editadas e, na liña seguida anteriormente por seu pai, daba como verdadeiras as imposturas de Murguía, e incluso chegaba a «galeguizar» outros romances para presentalos así como un produto máis xenuinamente galaico. Se os excesos de Murguía eran no pasado século dunha acientificidade patente e un ousadía inusitada, as manipulacións de Lois Carré Alvarellos, en 1959, preséntansenos hoxe como filoloxicamente inaceptables, pois revelan o deficiente emprego de metodoloxía científica na elaboración do seu traballo e a evidente terxiversación dos datos reais e incontestables en aras dun galeguismo mal entendido.

Os últimos anos e o actual estado da cuestión

Nos últimos anos o número de estudos sobre o Romanceiro en Galicia ten crecido considerablemente. Ademais, os novos estudiosos empregan agora unha metodoloxía moderna baseada en principios filolóxicos contrastables e, por conseguinte, moi afastados daqueloutro quefacer curioso e asistemático dos homes do XIX. Dentro destas coordenadas disciplinares, xurdiron os traballos de campo de Dorothé Schubart, musicóloga suíza que, entre 1979 e 1982, recolleu abundantísimo material romancístico que logo, coa axuda do filólogo lucense e profesor da Universidade de Santiago Antón Santamarina, acabaría traducíndose nos libros en coautoría *Cancioneiro Galego de tradición oral* (1982), *Cantigas populares* (1983), *Escolma de cantigas do Cancioneiro Popular* (1991) e o seu magno *Cancioneiro Popular Galego* (1984-).

Amais das valiosas achegas de Schubart-Santamarina, tamén foron aparecendo nestes anos outros traballos máis modestos no seu alcance pero igualmente interesantes, como os elaborados por Xulia Moldof en 1979, que recolleu preto de 250 versións hoxe incorporadas na súa maior parte ó Arquivo do Seminario Menéndez

33. Xosé María Álvarez Blázquez, «O romance de *Silvaniña* en Galiza e Portugal». *Revista de Etnografía*, vol. II, I, 1964.

34. Autor dun interesante artigo xornalístico no que reproducía versións de romances como o de «Gallarda matadora», «Santa Elena», «Rufina», «O gato do convento», ou «O piollo e a pulga». O artigo, baixo o título de «Media ducia de romances», aparecera publicado en *La Voz de Galicia* do día 6-6-1971.

35. As monografías das que falamos son: Xosé Ramón e Fernández-Oxea, *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán (1925-1935)*, Vigo: Castrelos, 1968; Nicanor Rielo Carballo, *Escolma de Carballedo (Lugo)*, Vigo: Castrelos, 1976; Carlos Sixirei Paredes, *San Cristobo de Xavestre*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1982; e Manuel Rico Vereá, *Cancioneiro popular das terras do Tamarela*, Vigo: Galaxia, 1989.

Pidal, ou os traballos de campo de Ana María Cano e Antonio Fernández Insuela³⁷ nas ribeiras do Sil, polo sur de Ourense, principalmente.

Pero a máis grande compilación de textos da historia da tradición galega do romanceiro hispánico realizada ata o de agora estivo a cargo dos homes do Seminario Menéndez Pidal quen, entre os anos 1980-1987, reuniron máis de 3.700 versións romancísticas en distintos puntos espallados por toda a xeografía galega³⁸. Este impresionante conxunto de textos áchase gravado magnetofonicamente e forma parte do ASOR (Arquivo Sonoro do Romanceiro) que o Seminario Interfacultativo Ramón Menéndez Pidal ten en Madrid.

Evitando estendernos máis, é preciso salientar, por último, os decisivos traballos teóricos de Domingo Blanco³⁹ para o concernerente á literatura popular galega en xeral e, sobre todo, os específicos sobre a tradición galega do romanceiro hispánico de José Luis Forneiro⁴⁰. As aportacións de ambos supuxeron, dentro do case ermo panorama crítico romancístico galego, un avance notable no que deberá asentarse toda investigación futura, pois constitúen, hoxe por hoxe, o último elo da cadea de estudos sobre o romanceiro en Galicia, unha cadea que camiña preto de alcanzar os seus 150 anos de historia e que agarda aínda polos futuros logros entre os que, esperemos, se conte unha macroedición crítica do Romanceiro galego, tan necesaria para futuros estudos.

A figura de Aníbal Otero na Romancística Galega

Apuntamentos bio-bibliográficos⁴¹

Aníbal Germán Alejandro Otero Álvarez naceu na Barcia, na Ribeira de Piquín (Lugo), o 21 de xaneiro de 1911. Tras estudar o bacharelato en Lugo e Valladolid, cursou Filosofía e Letras en Madrid, carreira na que nunca se licenciara, pois viuse obrigado por motivos familiares a abandonar os seus estudos.

En Madrid, e durante a carreira, coñeceu ós seus mestres Ramón Menéndez Pidal e Tomás Navarro Tomás, que en 1931 o levaron como colaborador ó Centro de Estudos Históricos de Madrid. Será durante aqueles anos, como veremos, cando reúne a súa colección.

37. Resultado dos traballos de campo destes dous profesores son os artigos de Ana María Cano González, «Una nueva reelaboración en la tradición moderna del viejo romance de *El conde preso*», *Archivum*, 33, 1983, pp. 141-163; e, «Algunos romances de las cercanías del río Sil», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XLI, 1986, pp. 87-108.

38. Para unha descrición pormenorizada da parte galega do ASOR e dos traballos de campo que conduciron ó mesma, pode consultarse o amplo estudio de Ana Valenciano, «El Romancero de tradición oral moderna en Galicia», en AA. VV., *Literatura Popular Portuguesa. Teoría da Literatura Oral/ Tradicional/Popular*, Lisboa: Acorde-Fundação Gulbenkian, 1992, pp. 433-461.

39. Fundamentalmente os seus libros *Poesía Popular de Galicia (1745-1885)*, Vigo: Xerais, 1992, e o xa citado *Historia da literatura popular galega*, Santiago: Universidade de Santiago, 1994.

40. Entre os seus traballos salientaremos «A recolha e o estudo do Romanceiro galego», *Agália*, 12, inverno 1987, pp. 375-394; «El romancero gallego: una tradición oral mal conocida», en Salvador Robés (coord.), *Actes del Col·loqui sobre cançó tradicional*, Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1990, pp. 171-180; e «Investigación sobre el Romancero tradicional gallego», *Ínsula*, 567, marzo 1994, pp. 11-12.

41. Para a vida de Aníbal Otero son especialmente útiles os artigos de Alfonso Magariños. «Aníbal Otero, filólogo y campesino», *El Pueblo Gallego*, 6, 7 e 8-10-1977; e Antón Santamarina, «Aníbal Otero (1911-1974)», *Verba*, 2, 1975, pp. 7-12.

O 5 de agosto de 1936, namentres se atopaba no norte de Portugal desenvolvendo os traballos de campo a que o obrigaba o *ALPI* (*Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*), foi detido polas autoridades portuguesas que, confundíndoo cun espía, habían de entregalo ás españolas que o encarcerarían, sucesivamente, en Tui, Vigo, San Simón, Burgos e Figueirido. O 22 de maio de 1941 obtivo a condicional e o 22 de agosto do ano seguinte a definitiva, tralo cal se retirou á súa parroquia natal na Ribeira de Piquín e levou unha vida retirada, a penas interrompida polas saídas impostas polos traballos de campo que levou consigo a continuación do *ALPI* nos anos 50. Aínda que foi nomeado académico da galega en 1964, nunca leu o seu discurso de ingreso e, tras moitos padecementos tanto persoais coma familiares, acabaría morrendo o 14 de marzo de 1974 no mesmo lugar onde nacera 63 anos antes.

Orabén, acontece con Aníbal Otero o que con moitos outros escritores e pensadores galegos do noso século; e é que a súa obra publicada en vida é moito menor da que aínda hoxe permanece inédita. Efectivamente, Otero foi un bo novelista e poeta, como testemuñan as dúas novelas manuscritas que nos deixou (*Esmoriz*, obra en galego que narra en clave autobiográfica as súas impresións e vivencias carcerarias durante a contenda do 36, e que recentemente foi publicada pola Editorial Sotelo Blanco⁴², e a novela en castelán *Daidiña*, inédita aínda, que relata unha cativante historia de amor na que a paisaxe xoga un papel decisivo), ademais das dúas de prosas poéticas e poemas en prosa que deixou igualmente inéditas.

- O de Barcia só publicou durante a súa vida dúas poesías: a titulada «Silencio-Vuelta», que apareceu no número do 25 de maio de 1930 da revista *Guión*, e «Eso», publicada en *Nós* no número 101 do 15 de maio de 1932. Postumamente saírían á luz os seus poemas carcerarios, xunto cun estudio da devandita novela *Esmoriz*, nun traballo do profesor lucense Claudio Rodríguez Fer aparecido no número 4 do *Boletín Galego de Literatura*, pertencente ó mes de novembro de 1990. Tamén quen isto escribe ten exhumado en data recente algúns outros poemas e textos recompilados por Otero, material todo el que, xunto ó literario xa nomeado e ó grande labor filolóxico-lingüístico do autor, que aquí non podemos detallar⁴³, constitúen o conxunto total da súa obra, aínda hoxe, máis de vinte anos despois da súa morte, inxustamente esquecida.

Volvendo ó tema que nos ocupa, hai que aclarar que sería durante os labores de campo ós que o obrigaba a procura de datos para o *ALPI* nos anos 30 cando Aníbal Otero recompilou a colección de romances populares galegos que aquí escolmamos. Moitos daqueles romances fóronlle enviados a Menéndez Pidal para o proxecto do seu *Romancero Hispánico* pero só unha parte moi pequena tería cabida naquela publicación. Algúns outros romances foinos publicando en distintas revistas literarias da época, así como noutras publicacións especializadas. Con todo, a maioría daquelas composicións aínda permanecen inéditas.

42. Aníbal Otero, *Esmoriz*, edición ó cargo de Armando Requeixo e Miguel Anxo Murado, Santiago: Sotelo Blanco, 1994. Esta edición posúe un interesante estudio literario introductorio firmado polo profesor Claudio Rodríguez Fer.

43. V. *ad hoc* Antón Santamarina, art. cit.

Xa que logo, Aníbal Otero deixou manuscrita unha interesante e numerosa colección de romances que destacan polo seu valor intrinsecamente literario e lingüístico, como de contado veremos⁴⁴.

A colección de romances de Aníbal Otero

Chegaron ata nós un conxunto de cento sesenta e cinco romances manuscritos, repartidos en catro cadernos e diversas follas soltas⁴⁵. Dous dos cadernos (21,5 cm x 15,5 cm), numerados I e II, pertencen a unha serie recompilada en 1931, concretamente entre os meses de outubro-novembro dese ano. Un terceiro, en forma de *bloc* de notas (13,5 cm X 10,5 cm), recolle romances recompilados no mes de decembro de 1934. E, por último, o cuarto caderno (21 cm X 15,5 cm) contén composicións obtidas entre xuño e agosto de 1929 (deste último hai tamén un borrador nun caderniño de follas grampadas que se acha incompleto, contendo tan só as dúas primeiras partes dos romances reproducidos no outro caderno).

En canto ás follas soltas que conteñen romances (dezaioito) son de tamaño cuartilla, agás unha carta sen datar enviada por un informante ó propio Otero, onde lle transcribe dous romances. A data de composición destes romances é incerta a non ser para o caso de tres romances dos cales temos constancia –por referencias indirectas– de que foron escritos en 1939⁴⁶.

Dos cento sesenta e cinco romances que nos manuscritos se achan só unha parte moi pequena foi –total ou parcialmente– publicada. Esquemáticamente citaríamos:

- No *Romancero Hispánico* de Pidal ata un total de quince⁴⁷.
- Na revista *Guión* doce romances⁴⁸.
- Na revista *Ahora* once romances⁴⁹.
- Alusións parciais a tres e reprodución de un no libro de Diego Catalán *Siete siglos de Romancero*⁵⁰.

44. Proba evidente do seu interese é o feito de que xa en 1938 Fermín Bouza-Brey, no primeiro artigo crítico da historia da romancística galega, cite os traballos de Otero sobre o tema (v. Bouza-Brey, «Gerineldo...», p. 136).

45. Existe outra colección, complementaria da que aquí describimos, no Arquivo do Seminario Menéndez Pidal en Madrid. Esta colección, mecanografada, coincide no básico coa manuscrita que comentamos. se ben hai, nunha e noutra, versións novas que non comparten.

Desta colección, conservada no Seminario Menéndez Pidal, reproduciranse ás veces na escolma datos sobre os informantes, o lugar e o ano de recollida das versións, o que será indicado entre parénteses no que pequeno aparato que acompaña a cada romance.

46. Aparece citado un fragmento dun deles por Diego Catalán no seu libro *Siete siglos de Romancero*, Madrid: Gredos, 1969, p. 89. Curiosamente, estes tres romances recompilaríalos Aníbal Otero durante a súa estancia no cárcere por terras pontevedresas.

47. Concretamente estes poden atoparse en: *Romancero Tradicional de las lenguas hispánicas*, Madrid: Espasa-Calpe, 1969, vol. III, pp. 58, 61 e 165-166; vol. IV, pp. 20-21 e 26-27; vol. V, pp. 157 e 202-203; vol. VI, pp. 100-101 e 160; vol. VIII, pp. 233-234 e 306-307; vol. IX, pp. 227; vol. X, pp. 180-182; e vol. XII, pp. 134-135.

48. Aparecidos nos números correspondentes ó 11-5-1930. p. 4; 18-4-1930. p. 4; 8-6-1930. p. 7; e 22-6-1930, p. 6.

49. Incluídos nos números de 30-3-1930. p. 4; 13-4-1930, p. 4; 20-4-1930, p. 4; e 27-4-1930, p. 4.

50. V. nota 46.

- Un artigo do propio A. Otero sobre as *Doce palabras retornadas* onde se reúnen cinco composicións máis⁵¹.

- E a reprodución dun romance nun especial sobre o Romanceliro da revista *Ínsula*⁵².

En total uns corenta e oito textos publicados (ou citados), o que supón tan só o 30% do total dos contidos nos manuscritos.

A datación indicada anteriormente para a compilación dos distintos romances da colección –e tamén a dos aquí escolmados– puido solventarse gracias ás indicacións cronolóxicas dalgúns dos cadernos e ás referencias externas dadas nalgúns romances publicados e contidos nos cadernos non datados. Con todo, non nos foi posible facer o mesmo coas follas soltas (excepto no caso xa sinalado dos romances reunidos no cárcere), se ben polos indicios que temos –tipos de letra, papel e tinta coincidentes, etc.– todo fai supoñer que serían tamén recollidos entre 1929-1934. Algunhas outras datas –e tamén nomes de informantes e localizacións xeográficas concretas de versións– puideron consignarse a través do cotexo coas copias mecanografadas que dalgúns dos romances se gardan no Arquivo do Seminario Menéndez Pidal (datos estes últimos que na escolma reproduciremos entre parénteses).

No tocante á localización xeográfica na que se obtiveron as distintas composicións deste romanceliro, esta é moi variada. Abundan as versións do sureste de Galicia e, en xeral, do triángulo que tería como vértices o sur da provincia de Lugo, o sur da provincia de Ourense e a zona zamorana de Hermisende, Sanabria, etc., o que non quere dicir que non se atopen versións puntuais doutros lugares de toda Galicia, como algunhas de Vilalonga, (Pontevedra), de Pontearreas, etc.

A variedade temática da colección é tamén moi ampla. Así, xunto a romances históricos, poden acharse tamén outros de carácter épico-literario, romances clásicos, romances novelescos de cativos, novelescos de tipo amoroso e sobre mulleres fatais, e outros romances novelescos varios. Tamén teñen a súa presenza nesta colección os romances de asunto relixioso e varias oracións petitorias e expiatorias. Un mostrario completo, xa que logo, no que non faltan versións curiosas, difíciles de atopar na tradición oral, a carón doutras pertencentes ós máis coñecidos e divulgados romances.

No que á lingua se refire, hai que dicir que esta colección –como ocorre co resto da tradición galega do romanceliro hispánico– reflicte un híbrido lingüístico que oscila entre o castrapo con base castelá e o castrapo con base galega. Isto é, a lingua que adoita lerse nos romances é, normalmente, a castelá, tanto pola súa morfoloxía coma pola súa sintaxe, pero inzada de galeguismos léxicos que, ás veces, chegan tamén a selo gramaticais. Evidentemente, o maior ou menor grao de «galeguización», ou sexa, de asimilación lingüística –pois orixinariamente a lingua do Romanceliro era a castelá–, depende de moitos factores, pero, como xeneralización, poderíamos concluír que a lingua castelá predomina no conxunto da colección e que a presen-

51. Aníbal Otero, «Una versión latina popular de las doce palabras retornadas», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 19, 1951, pp. 289-295.

52. *Ínsula*, 567, marzo 1994, p. 13.

cia do elemento lingüístico galego é maior naquelas pasaxes en que as versións da colección se apartan ou innovan con respecto ás recollidas e publicadas nos séculos XVI e XVII en Castela.

En conclusión, a colección de Aníbal Otero constitúe unha importante testemuña histórica da riqueza deste tipo de literatura tradicional en Galicia e un documento de valor inestimable pola variedade temática interna que encerra e pola peculiaridade das súas versións. Coa escolma que a seguir presentamos pretendemos ofrecer unha mostra significativa de tal riqueza. Seleccionamos de entre o total dos textos manuscritos aqueles que nos pareceron máis interesantes tanto pola súa calidade literaria coma polas súas peculiaridades lingüísticas, recollendo, preferentemente, aquelas versións máis galeguizadas. Procuramos seleccionar, ademais, romances que foran representativos da produción galega e que non estivesen moi difundidos.

Como na maioría dos casos só se dispuxo dun manuscrito, este foi transcrito fielmente respectando as incorreccións acentuais e gráficas que contiñan os orixinais. No caso de que o texto tivese dúas redaccións, unha a borrador e outra posterior corrixida, seleccionouse sempre a última por considerármola en maior medida *traballada* polo autor e, xa que logo, fixada con maior fidelidade. Polo mesmo motivo, os contados textos que foran publicados con anterioridade reproducen a versión imprentada, pois a súa difusión restricta asegura a actual novidade dos textos, hoxe de moi difícil consulta bibliográfica.

Cada romance dos que aquí presentamos vai acompañado dun aparato mínimo contextualizador que proporciona datos a cerca dos informantes, lugar e data de recitación, así como da existencia das diversas copias ou/e versións que sobre o mesmo texto se manexaron. Non pretendemos ser exhaustivos, só proporcionamos datos orientativos.

En canto á disposición en que os romances aparecen, debemos dicir que estes se integraron en grandes apartados temáticos, dentro dos cales os distintos romances foron inseríndose cronoloxicamente segundo a súa data de recolección.

Só nos resta dicir que procuramos que as versións foran representativas da colección manuscrita e da realidade romancística galega; por iso incluímos romances históricos e novelescos a carón tamén dalgún relixioso e incluso dun par de oracións petitorias e expiatorias. Esperamos que a presente escolma sirva de aguillada para que os estudiosos e especialistas na materia consideren a pertinencia de impulsar aínda máis nun futuro próximo os estudos da tradición romancística galega, nos que de seguro deberá ter un lugar destacado o labor e a obra de Aníbal Otero.

Romances históricos

Romance do Mestre de Santiago

Hoy es víspera de Reises, primera fiesta del año,
caballeros y doncellas al Rey piden su aguinaldo,
a no ser Doña María, que a la puerta se ha quedado.
-Entre usted, Doña María, a pedir su aguinaldo.
-Y o aguinaldo que eu pido non ha de ser otorgado.
-Si será, Doña María, aunque'o pierda mi reinado.
-Yo pedía la cabeza del Maestre de Santiago.
Cartas y billetes mandan al Maestre de Santiago,
que viniese ver las fiestas que en Sevilla se han armado.
Y él, por distinguirse dellas, vistióse de colorado.
-Y a la salida de un río, a la entrada de un arroyo,
cayó mi mula conmigo, perdí mi puñal diorado.
Indose por el camino encontró c-un licenciado.
Preguntoulle se iba ben pra'l palacio de su hermano.
-Bien derecho vas, Maestre, bien derecho y mal guiado,
y alí tendrás Maestre, y el palacio de tu hermano.
-Buenas tardes, ay buen Rey; -Felices, mi buen hermano.
Y a tua cabeza, Maestre está mandada de aguinaldo.
-Se osté la tiene mandada, sea o que o Rei tén mandado;
y si no la tiene mandada, sepa usted que soy su hermano.
-Alto, alto, ay caballero, sea o que o Rei tén mandado.
Y debajo dél tenía dos mil moros pra matarlo.
Le quitaron la cabeza y a Doña María la llevaron.
La agarró por los cabellos, por la sala la ha arrastrado.
-Y aquí pagarás, Maestre, y aquí pagarás, villano,
para mi no tenfas nombre, sino puta de tu hermano.
-Y no contenta con eso a la calle la ha arrojado.
Vinió por allí el perro que el Maestre había criado.
La agarrara en la boca y la Iglesia la llevara,
con las poutas hizo un hoyo, con la boca lo enterrara,
se saliera a la puerta, fuertes allaridos daba.
Oíra el buen Rey del palacio donde estaba.
-¿Quién hace mal a mis perros, quién hace mal a mis llanos?
-Nin hacen mal a sus perros, nin tampouco son sus llanos,
que es el perro del Maestre que da voces por su amo.
-Cuando el perro hace aquello ¿qué haré yo, que soy su hermano?
-Tus gustos Doña María, tus gustos se han acabado;
siete hermanos que tenía, por tu gusto se han matado⁵³.

53. *Informante*: María Valiño, de 52 anos. *Lugar*: Pousadoiro; Meira. *Ano*: 1929. *Copias e versións alternativas*: Deste romance hai dúas copias manuscritas; unha no caderno borrador e outra no escrito sobre este. Escollemos -como sempre faremos, xa o advertimos- esta última copia que non presenta variantes substanciais con respecto á contida no borrador. Á parte destas dúas copias a colección inclúe outra variante deste romance sen alteracións significativas respecto da que aquí ofrecemos. *Tradición*: O romance conservouse como canción de aguinaldo polo feito de estar esta palabra incorporada á composición. A versión que aquí se presenta inverte a orde lóxica dos acontecementos con respecto ás versións que do mesmo se publicaron no século XVI onde era denominado «Romance de don Fadrique».

Romances épico-literarios

Romance da Penitencia do Rei Rodrigo

Por el valle de las estacas va Rodrigo al mediodía
relumbrando van sus armas como el sol de mediodía.
Encontro c'un ermitaño que vida santa hacía.
-Dímelo ay ermitaño dímelo ay vida mía
hombre que fuerza mujeres que penitencia tenía.
-Si no es prima ni hermana penitencia no tema.
-Ay triste de mi, afligido, que esa fúe desdicha mía
que he esposado una hermana y dos primas que tenía.
-Confíésalo ay penitente, confíésalo vida mía
y según sean los pecados la penitencia sería.
Lo echara en una cueva donde non ve nin sol nin día
donde canta la culebra la serpiente respondía.
Ermitaño como es bueno iba verlo cada día.
-¿Como vai, ay penitente, como vai coa compañía?
-La compañía vaime ben, mejor que'o lo merecía
que del medio para riba logo me encomenzaría.
Campanas de cielo y tierra elas de seu se abanguían.
Unos dicen quien sería, otros dicen quien será.
El alma de Don Rodrigo que pra el cielo subía.
Dos mil ángeles llevaba, lo llevan de compañía
tambien iba San José y amor de Santa María⁵⁴.

Romance do Rei Mouro que perdeu Valencia

Paseandose va morillo morillo por la calzada
vai a Valencia como está tan bien cercada.
-Mi Valencia, oh Valencia de fuego fuisteis quemada.
Antes fuisteis de moro que de cristianos ganada.
Ese rey Vencido vello tomara eu pola barba
i-a sua esposa María Gómez será miña cautivada
y a sua hija más vieja será mi enamorada
y la su hija más nueva será para hacer la cama
y si no la hacier bien se echará por la ventana.
Lo oira el rey Vencido vello del palacio donde estaba.
-Ai mis hijas, ai mis hijas para que vos he criado
para ver de un moro perro moro perro amenazadas.
-Vete hija más vieja vete a esa ventana
detén ese moro perro de palabras en palabras.
-Como lo deteré yo, padre si yo de amores no sé nada.
-Las palabras sean pocas y muy bien arrazonadas.
-Buenos días tengais morillo larga é a tua tardada
sete anos vai pra sete q'eu por ti visto delgada.
Otros siete va señora que o por ti no rapo barba.
Se lo dices de veras échate de esa ventana

54. *Informante*: Antonia Martínez (de 53 anos). *Lugar*: (Nogueira de Muñiz; Fonsagrada). *Ano*: 1931. *Copias e versións alternativas*: Deste romance temos unha única copia e dúas versións máis sen variantes subliñables. *Tradición*: É un dos romances do *Ciclo de Rodrigo* máis divulgados do romanceliro oral. A lenda que glosa naceu a fins do século XIV. Conservado en Asturias, León e Galicia, é un romance xograresco do século XV do que o *Quixote* inclúe unha versión (vol. II, cap. 33).

te cogeré en los mis brazos y en la flor de la mi capa
y si lo dices de burla en la punta de mi espada.
-A Babeca, oh morillo o en silla o cabala.
-Nin teño medo a Babeca nin tampouco a sua armada
teño medo o fillo da eugua que se me perdéu en Granada.
-Ese fillo, oh morillo, mi padre le da cebada.
-Buenos días tengais, meu xenro larga i-é i-a tu tardada
mais antesque me lo seas hemos de xogala espada⁵⁵.

Romances bíblicos e clásicos

Romance de Amnón e Tamar

El Rey tenía un hijo que le quería en el alma.
Por la mañana temprano lo iba ver a la cama.
-¿De qué tas malo, meu fillo, de que tás malito en cama?
-Tengo mal de calentura, de comer no tengo nada.
-Te guisaré un capón. Tamara que te lo traiga.
-Que me lo traiga Tamara, con ella no venga nadie.
Por las caleras arriba sube la rica Tamara
c-un plato de oro en las manos cubierto c-unha toalla.
-¿De que tas malo, mi hermano, de qué tas malito en cama?
-Deste mal, tú, picarao, tú fucheme a causanta.
La agarró entre los brazos y la tiró en la cama;
allí cumplió su gusto, le fregó su blanca cara.
Por las caleras abajo baja la rica Tamara
arincando sus cabellos y abofeteando la cara.
La vira su padre, que paseandose estaba.
-¿Tú que tés, Tamarariña, tú que tés, rica Tamara?
-O traidor de meu irmao me quitó la honra y fama.
-Cala, Tamarariña, cala, que con él serás casada.
-¿Cómo ha ser eso, mi padre, siendo yo su propia hermana?
-Hay un Padre Santo en Roma que a todos purificaba⁵⁶.

Outro romance de Amnón e Tamar

Por los palacios del Rey se pasea Doña Altamara
bendiciendo el pan y el vino, bendiciendo el pan y el agua
bendiciendo hasta el buen Dios que tan hermosa la criara.
Pretendenla caballeros, caballeros de gran fama.
Hasta un hermano que tenía casar con ella deseaba.
Por gozar de su hermosura se echara malito en cama.

55. *Informe*: Josefa López Rodríguez, de 60 anos. *Lugar*: (Hermisende; Zamora). *Ano*: 1934. *Copias e versións alternativas*: Deste romance hai unha soa copia e outra versión con variantes nimias. *Tradicón*: O romance foi impreso xa no século XVI e parece ter a súa orixe nun episodio do *Cantar de Mio Cid*. A versión que aquí damos é a publicada en Diego Catalán, *Siete siglos de Romancero*, Madrid: Gredos, 1969, p. 164; tomada -con retoques- do manuscrito do propio Aníbal Otero.

56. *Informe*: Manuel Fernández Fernández, de 50 anos. *Lugar*: Castañós; Fonsagrada. *Ano*: 1929. *Copias e versións alternativas*: Do texto conservamos un borrador e esta versión corrixida que ofrecemos. Hai na colección, ademais, outras catro versións das cales dúas son deturpacións híbridas e as outras dúas ofrecen outro desenlace (cfr. nº 5). *Tradicón*: O romance é claramente de tipo bíblico. O seu éxito na tradición oral débese, fundamentalmente, ó feito de que se trate dun romance de incesto, tema este moi do gusto popular.

Por allí vino su padre, altas torres donde estaba.
 -Tú que tienes ay mi hijo, de que mal guardas cama.
 -Calenturas, ay mi padre, calenturas que me matan.
 -Tú comerías unha pera, comerías unha manzana.
 -Nin comería unha pera nin comería unha manzana
 que comería un guisadito y Altamara me lo traiga
 Haceron el guisadito y Altamara lo llevara.
 Agarrara el guisadito lo arroja por la ventana
 des que hizo della el que quiso escupióle en su linda cara.
 -Sal de ahí perra traidora, sal de ahí perra malvada.
 Tú perdiste la honra, yo el honra y el alma.
 Por los palacios del Rey se pasea Doña Altamara
 maldiciendo el pan y el vino, maldiciendo el pan y el agua
 maldiciendo hasta el buen Dios que tan hermosa la criara.
 Bien la vira su padre de altas torres donde estaba.
 -Tú qué tienes, ay mi hija, no haces tanto la habra
 que se la gente te oí nunca te verá casada.
 -No se me da que me oigan ni tampoco ser casada.
 Dáseme por la mi alma que no la quería manchada.
 -Calla, calla, Altamara, pronto verás la venganza.
 Sacara un cuchillo del bolso y la cabeza le quitara.
 -Ahora mira, Altamara, pronto viste la venganza.
 -Venganza quisiera ver, pro no quisiera ver tanta.
 Válgame Señora, ay, la Virgen soberana⁵⁷.

Romance das fillas de Dona Helena, Brancaflor e Filomena

Por las calles de Granada se paseaba Doña Elena
 con dos hijas por la mano Blanca Flor y Filomena.
 El Conde desde que lo supo a recibirlas saliera
 le pidió la más chiquita, la más crecida le diera.
 El casóse y el velóse llevóla para su tierra.
 El allí tuvo siete años sin volver ver a su suegra
 de los siete pra los ocho volvió que no volviera.
 -Buenos días, primero que te pregunto si Blanca Flor se queda buena.
 -Blanca Flor buena quedaba, en días de parir queda.
 lo que le dice, ay mi suegra, que le mande a Filomena.
 -Filomena ella muy blanca non sirve pra tierra ajena
 no hay caballo pra llevarla ni paje pra ir con ella.
 -Caballo traigolo yo, será mi yegua morena
 y el paje serélo yo mientras que vaya con ella.
 La cogiera entre los brazos y en la jaca la pusiera.
 El andara siete leguas sin palabra hablar con ella
 de las siete pra las ocho de amores la pretendiera.
 -Tente, tente, ay mal hombre mira que el diablo te ciega
 mira que soy tu cuñada, mi hermana tu mujer era.
 El chuchóla y el besóla luego de ella el que quisiera.
 Desde que cumplió sus gustos tiróla en un prado de hierba.
 Vino por allí un pastor, pastor de guardar ovejas.

57. *Informante:* (Antonia Martínez, de 53 anos). *Lugar:* (Nogueira de Muñiz; Fonsagrada). *Ano:* 1931.
Copias e versións alternativas: Só se conserva esta copia que aquí reproducimos (Para as versións
 alternativas cfr. nº 4). *Tradición:* Este romance ten –a diferencia da versión anterior– un final trágico.
 Neste caso o pai de Tamar castiga coa morte a Amnón, cando na outra versión promete á filla o matri-
 monio co seu irmán gracias á intercesión papal.

-Por Dios lle pido, ay pastor que me ha de escribir dos letras.
 -Ay, triste de mi nel monte, no tengo papel pra ellas.
 -El papel téngolo yo, será mi paño de seda.
 -Ay triste de mi nel monte, no tengo tinta pra ellas.
 -La tinta será la sangre que de mi rostro cayera.
 -Ay triste de mi nel monte, no tengo plumas pra ellas.
 -La pluma será unha hierba de este pradecito de hierba.
 Llegó la carta por mar antes que el Conde por tierra.
 Blanca Flor desque la leyó estaba encinta y moriera
 de aquel mal parto que tuvo una empanada le hiciera.
 -¿Que me diste, ay Filomena que tan dulce me supiera?.
 -Mas dulces serían, traidor, los besos de Filomena.
 -O es bruja o hechicera o el diablo te lo dijera.
 -No soy bruja ni hechicera ni el diablo me lo dijera
 ves aquí tengo una carta de mi hermana Filomena.
 El Conde desque la leyó nuna cueva le metiera
 allí tuvo tres días y al cabo dellos muriera⁵⁸.

Romances de Cativos

Romance das irmás Rafña e Cativa

Dice: mis morillos, a Francia llevais la guía.
 Traeime de allá una esclava, esclava y cautiva mía
 que no sea hija de vellano ni venga de vellanía,
 que sea de Conde o Duque o gente de gran valía.
 O Conde e mail-a Condesa armaron unha romaría
 a San Juan de la Tarana y a Santiago de Galicia,
 y a casar en Santa de Roma, por sere la más comprida.
 Les escureció en un monte, una desierta montina;
 el Conde extendió la capa, la Condesa la basquina.
 Cuando es la media noche rodeados de moros iban.
 -Deja, Conde, la Condesa, sino te cuesta la vida.
 -La Condesa no la deixo aunque me cueste la vida.
 Cuando es por la mañana el Conde ya muerto iba.
 Iban cartas y billetes a la Reina Delungrina,
 que llevaban una esclava, polida cautiva mía,
 ou de Duque ou de Conde, persona de gran valía.
 Des que la Reina lo soupo, se saliera a recibirla.
 -Ben venida seas, esclava, polida cautiva mía;
 de siete esclavas que tengo, tu has de ser la más querida.
 Ahí te entrego las llaves de mi despensa y cocina.
 -Yo las tomaré, señora, pues que Dios lo así quería,
 ayer ser mujer de un Conde e hoy moza de cocina.
 La Reina estaba en cinta, la Condesa también iba,
 quiso Dios, por su fortuna, que ambas pariero n-un día.
 La Reina estaba en palacio y a Condesiña en cocina,
 y a Reina bebe bon vino y a Condesiña auga fría.
 La Reina trouxo varón y la esclava una niña,

58. *Informante*: Florentina Díaz (de 72 anos). *Lugar*: Pobra de Burón; Fonsagrada. *Ano*: 1931. *Copias e versións alternativas*: Reproducimos a única copia que contén a única versión que deste romance hai nos manuscritos. *Tradicón*: Este é un claro exemplo de romance clásico de orixe erudita, que se refire ó mito de Progne, Filomela e Tereo.

as parteiras eran traidoras e trocáronlles as crías:
 a la esclava dan el niño y a la Reina dan la niña.
 Se levantara la Reina a un lunes, de mediodía,
 a visitar a su esclava del posiento donde a tiña.
 -¿Cómo te va, ay esclava, pulida cautiva mía?
 -Vaime ben, ay señora, pues que Dios lo así quería.
 Toma, Reina, su varón, dame a mi Rosa Florida.
 -Se estuvieras en tu tierra ¿qué nombre le ponerías?
 -María Rosa Florida, que así le pertencía:
 así llamaban a mi madre y a una hermana que' o tenía,
 que la cogieron los moros día de Pascua florida
 cogiendo ramos y flores nel jardín de su madrina.
 -Por estas razones, esclava, tú eres hermana mía.
 Fixeche mal, ay marido, cautivar hermana mía.
 -Yo, se te cautivei, Reina, Reina, eu non ch'o sabía.
 Ela se quer ser monxiña, monxiña eu a metería.
 -Eu monxiña, non, señor, que eu pra eso non valía.
 -Ela se quer ser casada, casamento lle daría.
 -Eu casada, non, señor, que eu ben casadiña iba.
 La Reina le seña de ojo que otra palabra no diga.
 Marchara el Rey pra la caza un lunes de mediodía;
 entre las dos hermanas trataron unha romaría.
 Cargaron un navío todo cuanto nel cabía,
 enrolaron los niños en oro y en plata fina,
 marcharon mar abaixo sin remos nin outra guía,
 senón a Nuestra Señora, que llevaban en compañía.
 Venía el Rey de la caza un lunes de mediodía.
 -¿Onde van las dos hermanas, que nenguna parecía?
 Se subiera a una ventana, las más altas que tenía,
 las vía ir mar abaixo sin remos nin outra guía,
 senón a Nuestra Señora, que llevaban en compañía.
 -Aguardame, ay esposa, aguardame, por tu vida,
 se no me quieres por esposo, por tu criado irá.
 Tanto se alzaban as luces, que se desaparecían.
 Mis morillos, mis morillos a Francia llevais la guía⁵⁹.

Romance do Cativo e a Ama boa

Me cautivaron los moros entre la paz y la guerra
 me llevaron a vender a Jerez de la Frontera
 no hubo negro ni blanco que por mi nada diera
 sino fuera un perro moro que llegó tarde a la feria
 cien doblones dió por mi y en Jerez de la Frontera.
 Quiso Dios y mi fortuna que encontré con ama buena.
 Siempre me andaba diciendo -Cristiano vete a tu tierra.

59. *Informante*: Francisca Saavedra, de 85 anos. *Lugar*: Moleiras; Meira. *Ano*: 1929. *Copias e versións alternativas*: Do texto reproducido consérvase unha copia do «caderno-borrador» que só se aparta en pequenos detalles desta que aquí damos. Á parte existen dúas versións máis, das cales unha esta moi contaminada con fragmentos doutros romances odiseicos e a outra non varía substancialmente no desenvolvemento con respecto á aquí ofrecida, agás no final trágico. *Tradición*: Este é un dos poucos romances populares de tradición oral que non coñece ningunha reprodución en textos antigos. É un romance derivado do poema francés «Foire et Blanceflor», que sería reestructurado adaptándoo ó gusto popular peninsular, o cal cambiaría a ambientación e os personaxes mantendo sempre certa semellanza temática.

-¿Yo como he de ir señora si el perro moro me encontra?
 -Si encuentras al perro moro le dices que vas a leña
 al otro lado del río que la hay muy larga y buena.
 En el medio del camino con perro moro se encontra
 y lo hizo renegar de Dios y su madre mesma
 le hiciera poner por hostia a la hoja de una edra
 le hiciera poner por cáliz a la pata de su yegua
 y le hizo consagrar la sangre de una culebra.
 Me cautivaron los moros entre la paz y la guerra⁶⁰.

Romances de amor fiel e alén da morte

Romance de Conde Olinos

Conde Olinos, Conde Olinos, e niño pasó la mar.
 Llevó su caballo al agua a las orillas del mar.
 Tando el caballo bebiendo, cantáballe o seu cantar.
 Oira la Reina mora, estando no seu portal.
 -Mis doncellas, mis doncellas, las que dormís, recordai,
 que está la serenita y cantando en la mar.
 Allí hablara la más nueva la que debiera callar.
 -Esa no es la serenita, nin tampouco seu cantar,
 que es mi Conde Olinos, mis amores ven buscar.
 -Váimelo matar, morito, que cien doblas te he de dar.
 -No te quiero las cien doblas, tengo abondas que contar;
 se me das a Filomena, pronto te lo iré matar.
 Po-lo camín dos acebos, cinco mil moritos van
 en busca de Conde Olinos, que lo querían matar.
 Y lo encontraron durmiendo a sombra de un olival.
 -Ergue de ahí, Conde Olinos; ¿Tú que vienes a buscar?
 Si vienes buscar la muerte, ya te la venimos dar.
 -Será lo que Dios quixese, lo que Dios quixese dar.
 Mi espada, mi espada, mi espada de buen metal,
 de muitas me has desacado, desta no me has de dejar,
 que se desta me sacares te había de sobrediorar.
 Cuando era de mediodía no tenía con quien pelear,
 sino c'un morito cojo, para las nuevas llevar.
 Pol-o camín dos acebos cinco ríos de sangre van;
 onde se juntan los ríos hacen un brazo de mar.
 Caballo de Conde Olinos, recelaba de pasar.
 -Pasa, mi caballo, pasa, no receles de pasar;
 de muchas me has desacado desta no me has de dejar,
 que se desta me sacares, a cebada heiche doblar⁶¹.

60. *Informante*: (Santiago Rodríguez, de 58 anos). *Lugar*: (Hermisende; Zamora). *Ano*: 1934. *Copias e versións alternativas*: Romance de copia e versión única. *Tradicón*: Este romance novelesco é dos máis antigos entre aqueles que teñen como tema a protagonistas cativos. Estes romances tiveron moito éxito no século XVII. Unha versión do que aquí reproducimos agora aparecía xa recollido en coleccións de mediados do século XVI.

61. *Informante*: Benito Calvín, de 50 anos. *Lugar*: Logares; Fonsagrada. *Ano*: 1929. *Copias e versións alternativas*: Desta composición gardamos unha copia no «caderno-borrador», outra no caderno conixido ulterior e esta que reproducimos e que foi publicada na revista *Ahora* no número correspondente ó 20 de abril de 1930, p. 4. Por outra banda, deste romance –un dos de máis éxito de tódolos tempos a xulgar polo seu espallamento e numerosas versións– conservamos na colección de Aníbal Otero ata un total de

Válgame Nuestra Señora la Virgen de Alén del Mar.
Caballero de armas blancas, con la infanta quer casar;
se la pidió a sus padres, no se la quisieron dar
de aburrido que se ha visto, largas tierras fué casar.
La infanta, des que lo supo, de amor no pudo parar;
se marchó de villa en villa y de lugar en lugar.
Encontró c'unha señora bordando nun cabezal.
-Diol-a guarde a usted, señora, y su pulido trabaxar.
-Bien venida la doncella, que pulidito es su hablar.
-¿Caballero de armas blancas, por aquí mo víu pasar?
-Caballero de armas blancas, habita neste lugar;
si usted le quiere algo, lo mandaremos buscar.
Estando en estas razones, caballero abre portal.
-¿Quién te trougo aquí, Infanta, quién te trougo a este lugar?
-Os teus amores, caballero, nunca los pude olvidar:
ni de día por las calles, ni de noche en cama real.
-Te fuí pedir a tus padres, no te me quisieron dar,
de aburrido que me he visto, largas tierras vi casar.
La mujer es como un sol, los hijos, como un cristal,
por cuanto nel mundo haya, no los tengo de olvidar.
-Que los olvides, que no, un abrazo me has de dar.
Se abrazan uno a otro, muertos cayeron en par,
y a Reina, que mal vivía, mandounos ir enterrar:
enterran un no cabildo y outro o pé do altar.
D'un saliu unha oliva, e de outro, un olival,
por riba do campanario un o outro iba abrazar,
y a Reina, que mal vivía, ambos os mandóu cortar:
cortan un e cortan outro, ambos cayeron en par;
d'un saliu unha paloma e do outro un palomar,
y a los palacios da Reina se iban aposientar.
Y a Reina, que mal vivía, ambos os mandou matar.
Matan un e matan outro, ambos cayeron en par;
d'un saliu unha fuente santa e do outro un riu caudal,
que a los ciegos daban vista y a los mancos sanidad.
Y a Reina, que mal vivía, también se quería lavar.
-Quítate de ahí, Reina mora, no me veñas ensuciar.
Cuando eu era oliva, ben me mandache matar;
y ahora soy fuente santa, de ti me he de vengar,
que pra todos hei dar auga menos pra ti, que hei secar⁶².

cinco versións máis parcialmente diferentes. Reproducimos a publicada en *Ahora* por considerala a máis acabada de todas elas. *Tradición*: Este romance –coñecido tamén baixo o nome de «Conde Niño»– parece ter as súas orixes na baladística europea, na que é común o tema das transformacións. Se ben a súa primeira fixación por escrito se produciu no século XIX, parece que a súa datación se remontaría ó século XV.

62. *Informante*: Josefa Fernández Álvarez, de 32 anos. *Lugar*: Piquín; Meira -hoxe Ribeira de Piquín. *Año*: 1929. *Copias e versións alternativas*: O mesmo que no caso anterior conservamos dúas copias manuscritas e unha versión publicada delas en *Ahora*, 27-4-1930, p. 4, que reproducimos. En canto ás versións, forma parte do grupo que nomeamos no nº 9. *Tradición*: Aquí temos un texto paradigmático de romance híbrido resultado da mestura do famoso romance do «Conde Sol» –tamén chamado da «Condesita»– por un lado, e do romance de «Conde Olinos» por outro.

Romance da «Condesita»

Grandes guerras se publican en la tierra y en el mar
ya don Conde Flores nombran por capitán general.
Lloraba la condesita no cesaba de llorar.
Un día estando comiendo su padre le empieza a hablar.
-Deja el llanto, Condesita, nueva vida tomarás
condes y duques te quieren, hija te debes casar.
-No lo quiera Dios del cielo que yo me vuelva a casar
carta en mi corazón tengo que don Conde vivo está.
¿Dasme licencia mi padre para el Conde ir buscar?
-La licencia tienes, hija, mi bendición además.
Se retiró a su aposento llora que te llorarás.
Sacó medias de seda, de lana las fué calzar
sacó zapatos de raso, los puso de cordobán
un brial de seda verde que valía un dineral
y sobre el brial puso un hábito de sayal
esportera de romera sobre sus hombros echó
cogió el bordón en la mano y se fué a peregrinar.
Anduvo siete reinados, morería y cristiandad.
Anduvo por mar y tierra, no pudo el Conde encontrar.
Cansada va la romera, ya no puede andar más
y subió a un alto y mira, un castillo vio divisar.
Si aquel castillo es de moros allí me cautivarán
mas si es de buenos cristianos ellos me han de remediar.
Bajando por un pinar gran vacado fue encontrar.
Vacanto, vacanto te quería preguntar
de quien llevas tantas vacas todas de un mismo señal.
-De Conde Flores, romera, que en aquel castillo está.
-Vacanto, vacanto, más te quiere preguntar
del Conde Flores, tu amo, que se cuenta por acá.
-De la guerra vino rico, mañana se va casar
ya están las gallinas muertas ya están amasando el pan
gente convidada de lejos llegando van.
-Vacanto, vacanto, por la Santa Trinidad
por el camino más corto me vas a llevar allá
jornada de todo un día en medio lo hubo andar
y llegando al castillo donde Conde fué encontrar
y arriba estaba la novia en un alto ventanal.
-Dame limosna buen Conde por Dios y la caridad.
-Ay que ojos de romera, en mi vida he visto tal.
-Si lo habrás visto Conde si en Sevilla estado has.
Metió mano en el bolsillo y un real de plata le da.
-Para tan grande señor poca limosna es un real.
-Pues pida la romerica que lo que pida tendrá.
-Yo pido ese anillo de oro que en tu dedo chico está.
Abriéndose de arriba abajo el hábito de sayal.
-No me conoces buen Conde mira si conocerás
el brial de seda verde que me diste al desposar.
Mirarla en aquel traje se cayó el Conde hacia atrás
ni con agua ni con vino no lo pueden recordar
sino con palabras dulces que la romera le da.
La novia bajó llorando al ver al Conde mortal
y abrazado a la romera lo ha venido encontrar.
-Malas mañas te das Conde, no las podrás olvidar
en viendo una buena moza luego la vas abrazar.
Malhaya la romerica ¿quien te trajo por acá?

-No me la maldiga madre, que es mi mujer natural
con ella marchó a mi tierra y adiós señores quedad.
Quédese con Dios la novia vestidita y sin casar⁶³.

Romance das Señas do esposo

Estando a dona Infanta no seu xardín asentada
con dente d'ouro na mau se cabelo penteaba.
Lausou os ollos a mar e viu vir unha grande armada
capitão que nela viña que tan nen- a gobernaba.
-Disme lá oh capitão por Deus e pola tua alma
se o meu marido veu nesa nesa vosa grande armada.
-Diga lá cuanto déra a real señora a quen aquí llo trouxera.
-Dera ouro e dera prata e dera cuanto eu tivera.
-Non lle quero o seu ouro nin prata que non presta para min
são soldado e torno a guerra não transito por aquí.
-Diga lá a real señora que sinais é as quel levaba.
-Levaba cabalo branco cabalo branco levaba
e na punta da sua espada a cruz de Cristo levaba.
-Diga lá a real señora cuanto dera a quen aquí llo trouxera.
-De tres muiños que teño os tres muiños lle dera
un que moia azafrán outro que moia canela
outro que moia pan blanco que o meu marido comera.
-Não lle quero os moiños que não prestan para min
são soldado e torno a guerra não transito por aquí.
-Diga lá a real señora cuanto dera a quen aquí llo trouxera.
-De tres filliñas que teño as tres filliñas ll'eu dera.
Una para llo vistir outra para llo calzar
i-a mas bonitiña delas para consigo casar.
-Não lle quero as suas fillas quen não serven para min
são soldado e torno a guerra não transito por aquí.
-Diga lá a real señora cuanto dera a quen aquí llo trouxera.
-Nin teño mais que lle dar nin vosé que me pedir.
-Tenteu oh real señora ese seu corpo xentil.
-Alto, alto meus criados que criados sodes de min
arrastraime este malvado o rabo do me cabalo
arrastraime este malvado i-aredor do meu xardín.
-Alto, alto meus criados que criados sodes de min.
-Si tu eras o meu marido pra que falabas así.
-E pra que viras Xoana o empeño q'eu tiña en ti.
-¿O anel das sete pedras que contigo repartín?
-A miña metade perdeuse -Pois a miña traso aiquí⁶⁴.

63. *Informante*: Emilia Otero. *Lugar*: Vilalle. *Ano*: 1931. *Copias e versións alternativas*: Deste romance posuímos unha soa copia, aquí transcrita, e outra versión moi semellante a esta. *Tradición*: Neste caso, estamos ante un romance de grande difusión en toda España, que parece derivar do romance xograresco do «Conde Dirlos» do que sería unha versión feminina. Adoita mesturarse con outros romances odiseicos e doutro tipo. (Cfr. nº 10).

64. *Informante*: (Albina Fernández Estévez, de 53 anos). *Lugar*: (Verín; Ourense). *Ano*: 1934. *Copias e versións alternativas*: Non temos ningunha outra copia ou versión fóra da aquí recollida. *Tradición*: Estamos, neste caso, ante unha versión particular do famoso romance das «Señas do esposo». Deste romance –hoxe tamén canción infantil–, viñéronse transmitindo dous modelos de variantes principais: aquel onde a muller é posta a proba polo marido (como no noso caso), e aquel onde a muller pide información sobre o marido ausente. O romance publicouse xa a principios do século XVII e é un arquetipo do romance-conto que tanto gustaba nesta época.

Romances de mulleres desgraciadas

Romance do Conde Alarcos

Estando doña Silvana en el corredor de arriba,
tocando n-unha guitarra, que muy bien la repartía,
y se levanta su padre con el ruído que hacía.
-¿Qué haces ahí, Silvana, qué haces ahí, Silvana mía?
-Que casó las hijas todas, y para mi no había
sino el conde de Malvedo. Ta casado e ten familia.
Mándelo llamar, mi padre, de su parte y más la mía;
para que más pronto venga, le ponga pena de vida.
-¿Qué quiere usted buen Rey, qué quiere su señoría?
-Que mataras tu mujer pra casar con miña filla.
-¿Cómo quiere que'o la mate, si muerte no merecía!
¿cómo quiere que'o la mate y una prenda tan querida!
-Mata, Conde, mata, Conde, que senó te mataría,
y hasme trael-a cabeza n-unha durada bacía.
Vuelve el Conde pra su casa más triste que nó venía;
mandara hacer la comida las once pra'l mediodía.
Está la comida a la mesa. Nin un nin outro comía.
-Dime, Conde, dime, Conde, que era, o Rey que che quería.
-Anda, vámonos a la cama, que'o alí cho contaría.
-Dime, Conde, dime, Conde, que era o Rey que che quería.
-Quería que te matara pra casar con sua filla.
-Cala Conde, cala, Conde, pra eso remedio había.
Llamarás al cirujano, que me día una sangría,
para que poquito y poco me vaya cortando la vida.
Déjame dar un paseo dende la sala a cocina;
decir adiós a mis criados, sirvientas que'o bien quería.
Traeime el niño mayor, que peinarlo quería;
traeime el niño más nuevo, que darle el pecho quería.
Mama, niño, mama, niño, neste leche de amargar,
que mañanita a las ocho me llevan a caminar.
Mama, niño, mama, niño, neste leche de amargura,
que mañanita a las once estaré en la sepultura.
Tocan al sino y al sino. -Mi Dios ¿quién se moriría?
Contesta el niño más nuevo, que seis meses no tenía:
-Se ha muerto doña Silvana por culpas que ella tenía:
descasar los bien casados, cosa que Dios no quería.
Ella se vaya con Dios, y nos con la Virgen María⁶⁵.

Romance de Delgadiña

El Rey tiene tres hijas todas tres como una grana.
Una se llama Jacinta y otra se llama Juana
la más delgadiña dellas Delgadiña se llamaba.

65. *Informante*: Magdalena Murias, de 30 anos. *Lugar*: As Cancelas. Fonsagrada. *Ano*: 1929. *Copias e versións alternativas*: Desta canción temos tres copias: unha do «caderno-borrador», outra do confeccionado sobre deste, e unha terceira, que é a que aquí reproducimos, aparecida na revista *Guión* do 11 de maio de 1930. Deste romance non temos máis que esta versión. *Tradición*: A composición é unha versión peculiar do famoso texto xograresco do «Conde Dirlos», publicado xa no século XVI, e que tivo grande éxito nos séculos XVIII e XIX. De orixe netamente hispana, inspirou a moitos dos nosos grandes dramaturgos.

Un día le dijo su padre una palabra muy mala:
 -Dios me libre padre mío, Dios me libre que eso faga
 Dios me libre padre mío de ser su enamorada.
 Delgadita con la sede se asomó a una ventana
 vió estar a su madre en una silla desorada:
 -Ay mi madre tan querida ¿no me da una sede de agua?
 -¿Como cha ei dar, treidora, como cha ei dar malvada?
 una madre que tenías la hiciste mal casada.
 -Ay mi Dios me voy muriendo, ay mi Dios voy dando el alma.
 Vió estar a sus hermanas bordando en una seda dorada:
 -Ay mis hermanas tan queridas ¿no me dades una sede de agua?
 -¿Como cha emos dar, treidora como cha emos dar malvada?
 una madre que tenías la hiciste mal casada.
 -Ay mi Dios me voy muriendo, ay mi Dios voy dando el alma.
 Delgadiña con la sede se asomó a otra ventana
 vió estar a sus hermanos en el campo jugando a pava:
 -Ay mis hermanos tan queridos ¿no me dades una sede de agua?
 -Si daríamos, hermana, si daríamos de buena gana,
 si lo sabe nuestro padre a todos tres nos matara.
 -Ay mi Dios me voy muriendo, ay mi Dios voy dando el alma.
 Delgadiña con la sede se asomó a otra ventana
 vió vir a su padre de vencer una batalla:
 -Ay mi padre tan querido ¿no me da una sede de agua
 que antes de hora y media seré su enamorada?
 Y el Rey que tal oyera por sus criados llamara
 unos los manda por vino y otros los manda por agua
 y el más pronto que viniera una debaza ganaba.
 Y por más pronto que vinieron Delgadiña suspiraba.
 La cama de Delgadiña rodeada de luces estaba
 y la cama de su padre llamas de fuego echaba⁶⁶.

Romances de mulleres fatais

Romance de Gallarda

Estando un día Gallarda por su ventana florida
 vira vir un caballero camino de Andalucía.
 -Suba, suba, caballero, suba, suba usted arriba.
 Indo por las escaleras grande pavor le metía
 vira cien cabezas de hombres colgadas en una viga.
 -¿Qué es eso, ay Gallarda, que es eso ay gallardía?
 -Sonche cabezas de porco criados a pan y a vino.
 -Esta es la de mi padre, lo que mejor me quería
 y estotra la de mi hermano y en rastro dellos venía.
 Gallarda facía a cama, caballero bien miraba

66. *Informante*: Josefa López. *Lugar*: Concello de Pol. *Ano*: Sen datar. *Copias e versións alternativas*: Só posuímos este texto do romance de «Delgadiña», que aquí incluímos, e que se atopa nunha carta que un tal José de Gabriel Fernández envía a Aníbal Otero transcribíndolle dous romances. Esta carta, desgraciadamente, non aparece datada, se ben todo parece indicar que sería escrita entre 1929-1934 con toda probabilidade. *Tradicón*: A canción (que tamén forma parte do romanceiro infantil) é quizabes unha das máis difundidas de todo o romanceiro, xa que se acha tanto por toda a Península coma por Hispanoamérica, etc. O seu éxito popular pode deberse á crueldade do tema que recrea o que fai del un texto altamente dramático.

entre sábanas y colchones cuchillos de oro bataba.
 Cerca de la media noche Gallarda se revolvía.
 -¿Qué buscas ahí, Gallarda, qué buscas ahí gallardía?
 Busco mis cuchillos de oro para quitarte la vida.
 Tus cuchillos, ay Gallarda, en mis manos tan metidos.
 -Abre las puertas, portero, abre las puertas al día.
 -Yo las puertas no las abro, Gallarda me mataría.
 -No le temas a Gallarda, ni su mala gallardía
 que la vida de Gallarda en mis manos ta metida
 que la sangre de Gallarda y por la saba corría.
 -Banaya sea el caballero, la madre que lo paría
 de cien hombres que aquí entraron ninguno salió con vida⁶⁷.

Romance do Veleno de Moriana

Se vestira Don Alonso unha mañá de domingo
 y en vestirse y en calzarse púxose galán perdido.
 Fuera ver a Mariana -Pra mi boda te convidado.
 -Esa boda Don Alonso debíache ser comigo.
 -Cala, cala, Mariana que non che ha faltar marido.
 -Ou me falte ou non me falte tenía gusto contigo.
 -Sube arriba Don Alonso sube arriba a este cuartiño.
 Sentate aquí Don Alonso nesta silla de oro fino
 que una dejaron mis padres para el que case comigo.
 toma, toma Don Alonso un vasiño do meu viño.
 -Non cho quero Mariana que en mi casa lo he bebido.
 -Lo que has bebido en tu casa no me lo has agradecido.
 No medio de beber escapóuselle un suspiro.
 -¿Que lle botaches Mariana que lle botaches este viño?
 -La sangre de dos culebras i-a d'un lagartiño vivo
 pra que non cases con outra pois que non casas comigo⁶⁸.

Romance da «Serrana de la Vera»

Naquela serraña i-alta naquela mais alta serra
 vivía una serraniña serraniña engañadera
 cuando quier tomar amores se baja pa la ribera
 cuando amores non quere se sube para la serra.
 -Vente comigo pastor vente comigo pra serra.
 -¿Como me vou a ir, señora se o ganado se me queda?
 -Vente comigo, pastor que eu mui ben te arreponsera.
 Indo por la sierra arriba muta cruz por allí viera.

67. *Informante*: Josefa Hernández y Fernández. *Lugar*: Vilalle; Castroverde. *Año*: 1931. *Copias e versións alternativas*: Este romance non ten máis ca unha copia. En canto ás versións diferentes da aquí dada que se achan nos manuscritos dos romances, estas suman un total de cinco, se ben a que aquí incluímos quizabes sexa a máis interesante delas tanto literaria coma lingüísticamente. *Tradición*: Este romance abunda especialmente no noroeste peninsular (Asturias, Galicia e León) e no norte de Portugal. Só se coñece na tradición moderna e está en íntima conexión polo móbil narrativo (a muller matadora) con outros romances como o de «Moriana» (cf. nº 16) ou o da «Serrana de la Vera» (cf. nº 17).

68. *Informante*: (Camila Núñez Rodríguez, de 68 anos). *Lugar*: Paradaseca; Ourense. *Año*: 1934. *Copias e versións alternativas*: De única copia e versión. *Tradición*: Outro romance con muller fatal que, se ben non foi dado ó prelo no século XVI, si xa era coñecido daquela, pois citábase, sendo, ademais, de moita aceptación popular polo truculento do asunto.

-¿Que es esto, serraniña tanta cruz por esta terra?
 -Trescientos hombres he muerto y a ti también si quisiera.
 Serraniña fixo a cena pastoriño non cenara
 serraniña fixo a cama pastoriño non dormiera
 toda noute brincan, brincan i-a mañán se adormeceran.
 Cuando serrana espertara pastoriño legua e media.
 -Volve atrás ay pastoriño c'unha ovella se te queda.
 -Aunque a ovella fora d'ouro eu por ela non volvera.
 Foi e tiroull'una frondada derruboulle unha orella
 foi e volveu i-asegundoulle outra i-acabárale con ela.
 -Volve atrás, ay pastoriño que se te queda a monteira.
 -Aunque a monteira fora douro eu por ela non volvera
 -Pobre de min serraniña ca ora son descuberta⁶⁹.

Outros romances novelescos de asunto vario

Romance da Flor da auga

Mañanita de San Juan, cuando el agua alboreaba,
 estaba Nuestra Señora en silla de oro sentada
 con el librito en la mano, bendiciendo el pan y el agua.
 -Dichosa de aquella niña que coja la flor del agua.
 Oyó la hija del Rey del palacio donde estaba.
 Cogió una jarra de vidro, la de plata no la hallara.
 -Echemela aquí, señora, nel regazo de mi saya.
 -¿Dónde eres, niña bonita, dónde eres, niña galana?
 -Yo soy la hija del Rey, hija del Rey de Granada.
 -Si fueras hija del Rey, venías más acompañada.
 -Vengo yo así solita por coger la flor del agua.
 Se atreviera a preguntarle si había de ser casada.
 -Casadiña si por certo, y más bien afortunada.
 Has de tener tres hijos, todos han vencer batalla,
 uno ha ser Rey en Burgos y otro ha ser en Granada,
 y el más chiquitine dellos ha de gobernar a España⁷⁰.

Romance de «Bodas hacían en Francia...»

Ricas bodas hay en Francia pregonadas en Madrid
 danzábanlas siete condes caballeros más de mil.
 Entre los condes había una dama muy gentil.

69. *Informante*: Manuel Martínez Rodríguez (de 50 anos). *Lugar*: (Hermisende; Zamora). *Ano*: 1934. *Copias e versións alternativas*: Romance de única copia que ten no conxunto dos manuscritos outra versión practicamente xemea da que aquí damos. *Tradición*: Outra vez agroma aquí o mito da muller *selvática*. Este romance foi imprentado por vez primeira no século XVII e sería fonte de inspiración para os nosos dramaturgos, quen se basearían nel para escribir autos e comedias.

70. *Informante*: Claudio García Pérez, de 52 anos. *Lugar*: Cufiñas; Meira. *Ano*: 1929. *Copias e versións alternativas*: Deste texto atopamos dúas copias e ningunha versión diferenciada. A composición que aquí presentamos é a transcrición do que ofrece o caderno que reproduce –corrixíndoo– ó do «caderno-borrador». *Tradición*: En moitas coleccións este texto da tradición oral inclúese no grupo dos romances relixiosos. Nós, pola súa forte carga de ritos pagáns, preferimos incluílo aquí como mostra de romance a medio camiño entre ambos grupos de romances (novelescos/relixiosos).

-¿Tu mirabas pra las danzas ou mirabas para mi?
-Miro pra tu lindo cuerpo que era bueno para mi.
¿Tú es casada o soltera tú desengañaime a mi?
-Casadiña si soy Conde, casadiña si soy si⁷¹.

Romance de Rico Franco

El Rey tenía una hija que le llaman Rabel.
-¿Por qué lloras, hija mía, por qué lloras Rabel?
Si lloras por tus padres no los volverás a ver
si lloras por tus hermanos primorosos han de ser.
-No lloro por nada de eso ni por ningún interés.
Lloro por un cuchillo de oro que me han quedado a deber
para partir esta pera que vengo muerta de sed⁷².

Romance da Boa filla

De la misa viene el viejo de la misa de rezar
traí sus hijos por la mano su mujer ven de enterrar
de llegando a la puerta encomeza de llorar.
-¿Por que llora ustede padre? no tiene porqué llorar.
-Yo no lloro por ser viejo ni por viudo quedar
que lloro polos meus fillos que me quedan sin criar.
-Por eso no llore padre Dios remedio nos ha dar
unos servirán al Rey i-atros andarán nel mar
i-o mais chiquillo de todos andará o su mandar.
-Ahora tu miña filla quererás teme casar.
-No caso mi padre no que eu me deixarei estar
hago como la manzana que está en el manzanar
unos tiran otros tiran y ninguno le puede dar
e dinde que está madura de seu se deixa baixar⁷³.

Romance da Mala sogra

Doña Alhora se pasea polo seu palacio real
doores lle dan de parir que lle fain arrodillar
tanto nas sua maus reprega que os anillos fai quebrar

71. *Informante*: Descoñecido. *Lugar*: Indeterminado. *Año*: 1931. *Copias e versións alternativas*: Deste romance só existe esta copia. Sen embargo, hai outra versión que difire só en mínimos detalles desta que aquí presentamos, que gaña á outra en concentración expresiva e axilidade dialéctica. *Tradición*: Versións deste romance foran xa publicadas a mediados do século XVI. É un romance de malmaridada de ton alegre e picaresco, que ten descendentes non só na tradición peninsular, senón noutras como, por exemplo, a sefardí.

72. *Informante*: Víctor Cadenas. *Lugar*: Santa Eulalia de Oscos. *Año*: 1931. *Copias e versións alternativas*: Só temos esta copia que é, á vez, a única versión deste romance. Esta canción de «Rico Franco» é unha versión singular no conxunto das deste romance. É moito máis breve e posúe un final trunco. *Tradición*: O romance de «Rico Franco» –tamén pertencente ó romanceiro infantil– publicouse no século XVI, se ben algúns estudiosos dátano xa como do século XV.

73. *Informante*: (Camila Núñez Rodríguez, de 68 anos). *Lugar*: (Paradaseca; Ourense). *Año*: 1934. *Copias e versións alternativas*: Soamente hai esta copia que constitúe, así, a única versión presente nos manuscritos desta canción. *Tradición*: Este romance da «Boa filla» ten tradición peninsular e tamén sefardí. É, polo tanto, antigo, e na versión que ofrecemos nós aquí destaca o final moi do regusto retranqueiro e refraneiril popular galego.

no quebraba de uno a uno, que quebraba par a par.
 Pidiu remedio a su suegra no se lo quisiera dar
 la respuesta que le dió que se fuera a Portugal.
 Las madres que tienen hijas remedio les han de dar
 y-as fillas ond'as suas madres nunca pasan tanto mal.
 -Don Berzo mando viñera quen iba de dar o xentar.
 -Don Berzo mando viñera eu lle darei o xentar
 tamén eu sei poñer mesa tamén a sei levantar.
 Don Berzo llego a la puerta y Albora iba no portal.
 -¿Donde va mi espejo, madre, que no me salió mirar?
 -Tu preguntas polo douro ou polo fino cristal?
 -Nin pregunto polo douro menos polo de cristal
 que pregunto pol' Albora que no me salió hablar.
 Y a tua traidora, meu fillo, camín vai de Portugal
 con mancibiño do lado que pretendía ser galán
 puñeralle a mesa douro e manteles de cristal.
 -Dódeme bocado como seu miña Albora encontrar.
 -Se non a matas, meu fillo, outro pan non che hei de dar.
 -Matarla no, ay mi madre, sin saber verdá.
 Siempra la llevó de vista, nunca la pudo alcanzar⁷⁴.

Romances relixiosos

Romance de Santa Irene

Válgame Santa Ilena,
 Santa Ilena me valga.
 Válgame Santa Ilena,
 la que el traidor matara.

Eramos tres hermanas, todas n-unha ventana;
 un caballero, madre, él por allí pasara,
 de las tres hermanitas cogió la más galana.
 Empeñó el caballero su jornada intimada,
 anduvo siete leguas sin con ella hablar palabra,
 entre las siete y las ocho si que le preguntara:
 -Digamelo, ay señora, digamelo, ay muchacha,
 digamelo, ay señora, diga cómo se llama.
 -Alá na miña terra era Ilena galana,
 y aquí en estes montes, Ilena desdichada.
 Se bajó el caballero con intención muy mala,
 allí cumplió sus gustos, allí la degollara,
 allí hizo una fosa, allí la enterrara,
 sus cabellos dorados de fuera se quedaran,
 con los pies del caballo bien que la coucipara.
 Empeñó el caballero su jornada intimada,

74. *Informante*: Descoñecido. *Lugar*: Indeterminado. *Ano*: Sen datar. *Copias e versións alternativas*: É a única copia e versión deste romance. Trátase, nesta ocasión, dunha versión do famoso romance da «Mala sogra» que debeu ser –pola calidade do papel e da tinta empregados e polo tipo de letra coincidente co utilizado noutros textos recollidos nestas datas–, recompilada por Aníbal Otero entre 1929-1931. *Tradición*: A versión que aquí reproducimos posúe a orixinalidade de presentar un final trunco que non aparece noutras versións deste famoso romance que pasou a formar parte xa do acervo contístico infantil do mundo hispano.

al cabo de siete años él por allí pasara,
 encontro un pastorcito que ganado guardaba.
 -Dímelo, ay pastorcito, dímelo por tu alma,
 quien hizo esta capilla o quien la cimentara.
 -Hízola Santa Ilena ¡Santa Ilena me valga!
 hízola Santa Ilena, la que el traidor matara.
 -Ay miña Santa Ilena, ay meu amor primeiro,
 perdoname a tu morte, que eu serei teu romeiro.
 -Non cha perdono, non, meu amor derredeiro,
 que tu das miñas carnes fuche un gran carniceiro.
 Ahora dos teus osos hei facer un cuadrante,
 pra que os meus romeiriños vexan o meu semblante;
 agora dos teus osos hei facer un cuadrón,
 pra que os meus romeiriños vexan o meu amor⁷⁵.

Oracións expiatorias e petitorias

Oración expiatoria

Señor mio Jesucristo, ven acostar a mi cama;
 las once mil vírgenes, vengan a mi compañía:
 Nuestra Señora la Venida, la gloriosa Santa Ana,
 San Lorenzo Villamil, San Miguel me pesa el alma.
 Estas son las once palabras que el señor nos enseñaba.
 Dichoso del que las diga cuando se acuesta en su cama
 dichoso del que las tenga en la memoria cuando se despide el alma⁷⁶.

Oración petitoria

Angelitos somos del cielo venimos
 adorar el Niño el recién nacido
 que dicen está en este portal.
 Angelitos somos del cielo venimos
 las bolsas traemos dinero pedimos
 que Dios se lo dé para nos lo dar.
 Angelitos somos del cielo bajamos
 las bolsas traemos dinero guardamos
 que Dios se lo dé para nos lo dar.
 Señora Teresa como ama de casa
 subase al fumeiro e baxe sen tasa

75. *Informante*: Manuel Pontigo (44 anos). *Lugar*: Meiroi; Meira. *Ano*: 1929. *Copias e versións alternativas*: Conservan os manuscritos dúas copias desta única versión do romance de «Santa Irene» (aquí mudada en Santa Helena). A primeira delas é a do «caderno-borrador» e a segunda a do texto corrixido desta, que é a que aquí damos a coñecer. *Tradición*: Este romance é un exemplo máis da grande cantidade de haxiografías que foron vertidas ós moldes romancísticos. A orixe do romance é a lenda portuguesa sobre Santa Irene. Este romance é moi común nas Canarias, no noroeste peninsular e en Portugal.

76. *Informante*: Carmen Iglesias. *Lugar*: Vilalle; Castroverde. *Ano*: 1931. *Copias e versións alternativas*: Só achamos nos manuscritos esta única copia desta única oración expiatoria. Esta debeu ser tamén copia que logo inseriría Aníbal Otero no seu traballo «Una versión latina popular de las doce palabras retorneadas», *Cuadernos de estudios gallegos*, vol. VI, 19, 1951, pp. 289-295; versión que aquí reproducimos.

que Dios se lo dé para nos lo dar.
Nos gustan las peras también las manzanas
y también las nueces y las avellanas
también las castañas no nos vienen mal⁷⁷.

Armando Requeixo

77. *Informante*: Descoñecido. *Lugar*: Indeterminado. *Ano*: 1931. *Copias e versións alternativas*: Romance de versión e copia únicas. O número total das oracións petitorias dentro dos manuscritos ascende a sete máis, parecéndose todas entre si levemente. A versión reproducida reúne xunto a unha marabillosa concentración expresiva un ritmo musical moi logrado dentro do conxunto destas cancións «aguinaldeiras».